

Convenio colectivo Grupo Cruzcampo, S.A. (Mos)
(Ano 2000)¹

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito territorial, funcional e persoal.

As estipulacións do presente convenio colectivo afectarán a todo o persoal que preste os seus servizos na empresa Grupo Cruzcampo, S.A. no seu centro de traballo de Mos.

Queda exceptuado da aplicación do presente convenio o persoal que por desempeñar funcións de mando ou pola natureza do seu traballo, acordase a súa retribución coa empresa, á marxe das táboas salariais que figuran nel.

Quedan tamén exceptuados do presente convenio aqueles axentes mediadores ou figuras análogas que manteñan unha relación mercantil ou laboral especial, recollida esta última no artigo 2 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 2º.-Ámbito temporal.

A vixencia do presente convenio estenderase do 1 de xaneiro de 2000 ó 31 de decembro de 2000.

Non obstante rexerá este convenio durante o período transitorio ata a sinatura do seguinte.

Entenderase prorrogado de ano en ano se ningunha das partes que o subscriben formulan denuncia un mes antes, como mínimo, de que conclúa a súa vixencia ou, se é o caso, calquera das súas prórrogas.

A denuncia deberá ser realizada polos representantes sociais ou económicos comunicándollo á autoridade laboral e á outra parte.

Artigo 3º

Os efectos de aplicación do convenio e condicións pactadas nel forman un todo orgánico indivisible e será considerado globalmente. Tódalas percepcións sinaladas no presente convenio referiranse á xornada completa. Os traballadores que presten os seus servizos durante un horario inferior ó da xornada normal, percibirán os seus salarios e complementos salariais en proporción ó tempo traballado.

Artigo 4º.-Comisión mixta.

Para a interpretación deste convenio e con carácter previo e ineludible á formulación de calquera cuestión litixiosa que se derive da referida interpretación ou cumprimento do presente convenio, e segundo o establecido nas normas vixentes, créase unha comisión paritaria, que estará integrada por seis vocais, tres como representantes dos traballadores e tres en representación da empresa.

Esta comisión estará integrada polos seguintes:

En representación da sección sindical:

Mª Fernanda Martínez Cordero.

En representación da empresa:

Alberto Arroyo González.

Poderán asistir ás reunións da comisión paritaria, con voz e sen voto, asesores de ámbalas partes.

As reunións deberán ser obrigatoriamente realizadas dentro do prazo de quince días, cando o solicítase calquera membro dunha das partes.

Capítulo II

Disposición económica

Artigo 5º.-Conceptos que integran a retribución.

As percepcións económicas dos traballadores que presten os seus servizos na empresa afectada polo presente convenio estarán integradas polos seguintes conceptos.

I. Retribucións salariais.

1.1. Salario base.

1.2. Complementos salariais persoais:

1.2.1. Complemento de antigüidade.

1.2.2. Condicións ou compensacións persoais.

1.2.3. Complemento variable.

1.2.4. Complemento de categoría.

1.3. Complemento por calidade ou cantidade de traballo.

1.3.1. Horas extraordinarias.

1.3.2. Traballo festivos.

1.3.3. Horas extraordinarias nocturnas.

1.3.4. Complemento prolongación de xornada.

1.3.5. Complemento de convenio.

1.3.6. Prima de rendemento.

1.3.7. Prima de produtividade.

1.4. Complemento de nocturnidade.

1.5. Pagas extraordinarias.

1.5.1. Pagas extraordinarias regulamentarias.

1.5.2. Pagas extraordinarias especiais.

2. Percepcións non salariais.

2.2. Axuda ó transporte.

1. Retribucións salariais.

1.1. Salario base:

Enténdese por tal o que para cada categoría profesional se determina na columna correspondente do anexo I deste convenio.

Durante a vixencia deste convenio garantirase como mínimo en todo momento o salario mínimo interprofesional na columna de salario base.

¹ Publicado no DOG núm. 21, do 30 de xaneiro do 2001.

En caso de variacións do salario mínimo interprofesional, se a cantidade fixada como salario base fose inferior ó do novo salario mínimo interprofesional, a dita diferenza trasvasarase do complemento de categoría, para garantir en todo momento o salario mínimo interprofesional na columna de salario base.

1.2. Complementos salariais persoais.

1.2.1. Complemento de antigüidade:

Tódolos traballadores afectados polo presente convenio desfrutarán dun complemento persoal do salario base, da forma e contía seguinte:

Bienios do 5% cada un, en razón da súa antigüidade desde a data da súa entrada na empresa, cun tope máximo de doce bienios, equivalente ó 60%. Estas porcentaxes iranse sumando e aplicaranse sobre o salario base que en cada momento corresponda á categoría profesional do traballador de acordo coa columna correspondente que figura no anexo I.

1.2.2. Condicións ou compensacións persoais.

Respectaranse as situacións persoais que, con carácter de cómputo anual, exceden das establecidas neste convenio, manténdose estrictamente ad personam.

1.2.3. Complemento variable.

A súa contía concrétese no anexo II deste convenio.

1.2.4. Complemento categoría.

A súa contía concrétese no anexo I deste convenio.

1.3. Complemento por calidade ou cantidade de traballo.

1.3.1. Horas extraordinarias.

Considéranse horas extraordinarias as que excedan en cada xornada das sinaladas para a prestación da xornada establecida neste convenio.

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a oitenta ó ano.

Non se terán en conta para efectos da duración máxima de xornada ordinaria laboral, nin para o cómputo de horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes sen prexuízo do seu aboamento como se se tratase de horas extraordinarias.

Para o cálculo do valor de cada hora extraordinaria aplicarase a seguinte fórmula:

Salario base + complemento convenio x 1,75 / 1.800 horas de traballo

1.3.2. Traballo en festivos.

As horas extraordinarias correspondentes a domingos e festivos pagaranse de acordo co seguinte cálculo:

Salario base + complemento convenio x 2,25 / 1.800 horas de traballo

Cando na xornada se establece traballar de luns a venres, as horas extraordinarias que se realicen en sábado consideraranse como festivas.

1.3.3. Horas extraordinarias nocturnas.

As horas extrordinarias nocturnas traballadas entre as 22 horas e as 6 da mañá serán consideradas como nocturnas, a fórmula para o cálculo do seu valor, será a mesma cá de horas extraordinarias festivas.

Remitiráselle ó comité de empresa o parte mensual de horas extraordinarias.

1.3.4. Complemento de prolongación de xornada.

Considérase como prolongación de xornada a que realiza o servizo de asistencia técnica, por prestación de servizo fóra das horas de traballo habituais.

A cantidade estipulada para o dito complemento será a seguinte:

Ano 2000: 946 pesetas diarias.

1.3.5. Complemento de convenio.

Durante a vixencia do convenio queda establecido para todo o persoal, un complemento de convenio de 2.912 pesetas por cada día efectivamente traballado. Tamén se cobrará este complemento durante os días laborables correspondentes a vacacións.

Quedan excluídos do cobramento deste complemento aqueles empregados que realizando a función de prevenda perciban comisións por ela.

1.3.6. Prima de rendemento.

A prima de rendemento percibirase polos días efectivamente asistidos ó traballo, dos hábiles establecidos no calendario laboral.

A súa contía para o ano 2000 concrétese no anexo I.

1.3.7. Prima de produtividade.

Establécese a título experimental unha prima de produción baseada no incremento dos índices de hectolitros/persoa tomando como referencia os valores obtidos en 1999. En todo caso garántese un mínimo de 68.500 pesetas para para o ano 2000, para o auxiliar 2ª obreiro. Para as restantes categorías laborais aplicaranse os coeficientes da Ordenanza laboral da industria cervexeira, incrementándose as cantidades anteriores obtidas, tendo como base o auxiliar 2ª obreiro, nun 2,50% por cada ano completo de antigüidade no cadro de persoal o 31 de decembro e cun tope de 24 anos.

Para os diferentes incrementos da produtividade establécese o seguinte cadro de valores sobre os cales se rexerá a aplicación da prima sobre a base do auxiliar 2ª obreiro.

Ano 2000
Prima de produtividade

Incremento productividade hecto./persoa	Ptas./prima	Incremento ptas./prima	Total ptas./prima
	68.500		
1 a 100	68.500	1.235	69.735
101 a 200	68.500	2.470	70.970
201 a 300	68.500	3.705	72.205
301 a 400	68.500	4.940	73.400
401 a 500	68.500	6.175	74.675
501 a 600	68.500	7.410	75.910
601 a 700	68.500	8.645	77.145
701 a 800	68.500	9.880	78.380
801 a 900	68.500	11.115	79.615
901 a 1.000	68.500	12.350	80.850

A prima calcúlase mediante a expresión seguinte:

Hectolitros envasados

Nº de persoas período acumulado ano fábrica

Excluída materia

Enténdese por número de persoas fábrica o abranguido nas direccións de cervexería, envasado, enxeñería, xestión de calidade, administración, persoal, expedicións, estrutura e compras e almacén xeral.

As modificacións organizativas que puidesen representar cambio de dependencia das persoas dalgunha das direccións anteriormente citadas non se terán en conta para efectos de cálculo da fórmula de produtividade.

O importe da prima verase corrixido en función das ausencias por enfermidade de acordo coa seguinte fórmula:

Importe total prima / Días laborables anuais x días laborables ano menos días de ausencias por enfermidade ano

A prima devengarase no mes de xaneiro de 2001.

1.4. Complemento de nocturnidade.

As horas traballadas durante o período abranguido durante as 22 horas e as 6 da mañá terán un incremento sobre a súa retribución ordinaria do 30%, é dicir, sobre o salario base e o complemento de convenio.

Quen no período indicado traballe por tempo inferior ou igual a 4 horas, percibirá este complemento unicamente sobre as horas traballadas.

Se o tempo traballado abranguido entre as 22 horas e as 6 da mañá excedese de 4 horas percibirao por todo o total da xornada.

1.5. Pagas extraordinarias.

Os traballadores afectados polo presente convenio desfrutarán das pagas extraordinarias seguintes:

1.5.1. Pagas extraordinarias regulamentarias

Estas aboaranse na primeira quincena de xullo e decembro, con importe para cada unha delas dunha mensualidade para o persoal con retribución mensual e de trinta días para o persoal que teña asignado xornal diario.

O dito importe inclúe os conceptos de salario base, antigüidade, complemento de categoría e complemento variable.

1.5.2. Pagas extraordinarias especiais.

Estas aboaranse en marzo e outubro. O devengo destas pagas efectuarase nas primeiras quincenas dos meses respectivos para o persoal con retribución mensual, dunha mensualidade e de trinta días para o persoal que teña asignado xornal diario.

Os conceptos salariais que integran estas pagas serán os mesmos cós das pagas extraordinarias regulamentarias.

Para ter dereito a percibi-lo importe destas pagas extraordinarias será necesario estar ó servicio da empresa con doce meses de antelación consecutivos na data de facerse efectivas cada unha delas. En caso contrario, serán aboadas por doceavas partes, computándose como meses completos as fraccións residuais inferiores a trinta días.

2. Percepcións non salariais.

2.2. Axuda ó transporte.

Establécese unha axuda ó transporte de 347 ptas. durante o ano 2000 para tódalas categorías laborais, por cada día efectivamente traballado con independencia da duración da xornada.

Artigo 6º.-Axudas de custo.

Tódolos traballadores que por necesidades da industria e por orde da empresa teñan que efectuar viaxes ou desprazamentos que lles impida efectuar comida ou pernoitar no seu domicilio, percibirán desde o 1 de xaneiro de 2000 as seguintes cantidades:

	Xantar	Cea
Delegados e xefes 2ª	2.700	2.065
Inspectores vendas	2.261	2.024
Condutores e mecánicos	1.701	1.521

Para tódalas categorías a empresa aboará ata 6.032 pesetas/día para 2000 por concepto de aloxamento e almorzo logo de presentación da factura correspondente.

Anualmente procederase á revisión destas axudas de custo.

Artigo 7º.-Quilometraxe en vehículo propio.

O seu importe calcularase segundo a seguinte fórmula:

Valor combustible gasolina súper x 0,27 = pesetas/quilómetro.

Trimestralmente farase unha revisión do importe obtido na anterior fórmula.

Artigo 8º.-Traballo de categoría laboral superior.

O traballador que durante catro meses continuos ou oito descontínuos dentro de dous anos realice traballos de superior categoría, será ascendido automaticamente á dita categoría.

Excepciónse do disposto anteriormente, se a realización do dito traballo de categoría superior se debe a incapacidade laboral transitoria do titular, neste caso só se terá dereito ó cobramento da diferenza do salario, e sempre que o substituído se incorpore ó seu anterior posto de traballo.

Artigo 9º.-Xornada laboral.

A xornada laboral efectuarase de luns a venres, con 40 horas de presenza, 38,75 horas de traballo efectivo e 15 minutos diarios de descanso.

Artigo 10º.-Exclusións da xornada normal de traballo.

1. No caso dos traballadores con actividades que consistan en poñer en marcha ou pecha-lo traballo dos demais, observarse o disposto nas vixentes disposicións sobre xornada.

2. Os inspectores comerciais (venta e repartición), mentres estean adscritos a estes servicios, quedarán exceptuados do réxime de xornada normal, en virtude das compensacións económicas pactadas coa empresa e denominadas comisións e premios por cumprimento de obxectivos co que entre outros conceptos se compensan as características propias dos servicios desta categoría.

Artigo 11º.-Vacacións.

A) Dereito a vacacións.

Tódolos traballadores sen distinción de grupo ou categoría profesional terán dereito a desfrutar anualmente un período de vacacións retribuídas de vintetrés días laborables.

Para adquiri-lo dereito de desfrute deberase ter traballado durante un ano na empresa. En caso contrario, desfrutárase en proporción ó tempo traballado. A incapacidade laboral transitoria non privará do dereito ó desfrute das vacacións agás que caducase por transcurso do ano.

Os traballadores terán dereito ó desfrute de cinco días de permiso anuais con cargo ás súas vacacións para realizar xestións particulares, condicionándose a súa concesión ós seguintes requisitos:

1. Solicitar con antelación de corenta e oito horas, polo menos, expresando a súa causa. A dirección poderá esixir a xustificación do motivo alegado.

2. Que non exista coincidencia de solicitudes nunha mesma unidade que obrigue a empresa á contratación de persoal para cubrir as ausencias ou a realización de horas extraordinarias.

Non previsto neste punto, observarase o disposto polo Estatuto dos traballadores.

B) Bolsa de vacacións.

En concepto de bolsa de vacacións aboaranse 16.152 pesetas para o ano 2000 a quen as desfrute na súa totalidade fóra dos meses de xuño a setembro, ámbolos dous incluídos. Agás acordo en contrario o pagamento efectuarase ó inicio das vacacións.

Artigo 12º. -Licencias con soldo.

A empresa concederá licencias con soldo ós seus traballadores nos casos seguintes e coa duración que se indica:

a) 18 días naturais en caso de matrimonio do traballador.

b) 3 días por nacemento dun fillo, se concorrese enfermidade grave de cónxuxe ou fillo nacido, elevarase a 6 días.

c) 2 días por defunción de pais ou pais políticos.

d) 2 días por defunción de avós, netos, irmáns, irmáns políticos, avós políticos e fillos políticos.

1 día por defunción de tío, tío político ou sobriño.

e) 4 días por defunción de cónxuxe ou fillos do traballador.

f) 2 días por traslado de domicilio habitual.

g) 3 días por operación cirúrxica maior ou enfermidade grave de cónxuxe, fillos ou pais.

h) 2 días por operación cirúrxica maior ou enfermidade grave de netos ou irmáns.

1 día por operación cirúrxica maior ou enfermidade grave de pais políticos, irmáns políticos e fillos políticos.

i) 1 día por matrimonio de pais, fillos, irmáns ou irmáns políticos do traballador.

j) En caso de falecemento do cónxuxe do traballador con fillos menores de idade, poderá desfrutar dunha licencia de ata 30 días naturais de permiso con reserva do posto de traballo e axuda de metade de salario, contados desde a data do falecemento.

k) Polo tempo indispensable cando os traballadores teñan que atender algún asunto de carácter público, imposto pola lei ou disposición administrativa.

l) Polo tempo necesario nos casos de asistencia do traballador a consulta dos médicos de cabeceira ou especialistas da Seguridade Social, cando coincida o horario de consulta co de traballo, debendo presentalo xustificante de asistencia ó médico de cabeceira e volante xustificativo para asistencia ó médico especialista, se é o caso.

m) Cando un traballador se vexa na necesidade de acudir dentro da localidade ós servizos da medicina privada, sempre que estes servizos non estean cubertos pola Seguridade Social. A empresa considerará esta situación como licencia retribuída polo tempo necesario.

Así mesmo, recoñeceráselle a paternidade ou maternidade do feito suficientemente documentado haxa ou non vínculo matrimonial.

Para o cómputo de xornada anual estas licencias computaranse como tempo de traballo.

O desfrute dos anteriores permisos entenderase con dereito a percibir as retribucións correspondentes ós conceptos de salario base, complemento de antigüidade, complemento de categoría e complemento variable.

En todo caso, enténdese que os días ós que se fai referencia neste artigo son días naturais. Se a provincia en que suceden os feitos que dan orixe ás licencias anteriormente mencionadas non fose a mesma onde reside habitualmente o produtor, os prazos anteriores poderanse ampliar ata tres días máis en cada caso.

O traballador estará obrigado a presentar documentos ou xustificantes legais ou médicos que acrediten a existencia das circunstancias alegadas para a obtención das anteriores licencias.

Capítulo III

Ingresos, vacantes e ascensos

Artigo 13º. -Ingresos.

Para ingresar na empresa será necesario, á parte do que se dispón nas leis vixentes en materia de contratación, cumprir os seguintes requisitos:

a) Solicitalo ingreso mediante formulario establecido ó respecto.

b) Someterse a exame médico e probas psicotécnicas ou profesionais, que a empresa considere conveniente, de acordo coa categoría e clase de traballo que se vai desempeñar.

c) Presenta-los documentos requiridos pola empresa, unha vez superadas satisfactoriamente tódalas probas.

Para aquelas categorías ou postos que se cubran con persoal de novo ingreso, e sempre que se cumpran as esixencias legais e os requisitos necesarios, terán preferencia en igualdade de condicións de aptitude os fillos do persoal en activo, xubilado ou falecido.

O/Os delegados de persoal serán informados dos ingresos que se vaian producir.

Artigo 14º. -Ascensos.

1. Os postos vacantes por calquera causa e os de nova creación que se produzan na empresa, cubriranse da seguinte forma:

1.1. Por libre designación absoluta da dirección da empresa: cargos representativos ou de mando (agás os indicados no punto 1.2 deste mesmo artigo), así como subalternos, secretarios, caixeiros e apoderados.

1.2. Por libre designación da dirección dentro do persoal da empresa: xefes de 1ª técnicos, administrativos e comercial, xefe de 2ª técnicos, administrativos e comercial e inspectores comerciais.

1.3. As vacantes existentes nas categorías laborais non mencionadas neste artigo serán provistas mediante proba de aptitude, á que poderán concorrer tódolos produtores fixos da empresa.

2. Se as vacantes relativas a tódalas categorías e postos de traballo numerados neste artigo non se cubriren, a dirección poderá decidir convocalas entre persoas alleas á empresa.

Artigo 15º. -Axuda para fillos minusválidos.

Estabélcese unha axuda de 15.076 ptas. mensuais para cada fillo minusválido ou diminuído fisicamente.

Para a percepción desta axuda será preciso presenta-los xustificantes necesarios da percepción da pensión correspondente da Seguridade Social.

Artigo 16º.-Préstamos.

O persoal fixo poderá solicitar préstamos cando concorran circunstancias de especial necesidade que deberán ser probadas cando así o esixa a dirección, contestando esta dentro do prazo dun mes a partir da data de solicitude.

Para a súa concesión será preceptivo o informe previo do/dos delegados de persoal.

Os ditos préstamos estarán regulados segundo as seguintes normas:

1. Fondo para préstamos: 1.000.000 de pesetas.
2. O xuro do préstamo será o legalmente establecido polo Banco de España no momento da súa concesión.
3. O prazo máximo de devolución do préstamo será dun ano natural a partir da súa concesión e fraccionarase entre as mensualidades e pagas extras abrangidas dentro do dito ano.
4. Establécese un límite máximo de 200.000 ptas. por persoa.

Artigo 17º.-Axuda por incapacidade transitoria.

a) Os produtores que causen baixa por enfermidade, logo de xustificación desta, expedida polo facultativo que o asista e co visto e prace do médico da empresa, terá garantido desde o primeiro día o 100% dos conceptos que compoñen o cálculo para axuda por IT e que na alínea c) se citan, sempre que o absentismo producido na empresa por enfermidade, desde o 1 de xaneiro ata o final do mes anterior ó de producirse a baixa, non exceda do 2,5%, mentres lle corresponda percibi-la indemnización económica por enfermidade.

En caso de que o absentismo producido sexa superior ó 2,5% terán garantido desde o primeiro día o 90% dos conceptos que compoñen o cálculo para axuda por IT, mentres lle corresponda percibi-la indemnización económica por enfermidade.

b) En caso de incapacidade transitoria por accidente de traballo, a empresa garantiralle ó traballador o 100% dos conceptos que compoñen o cálculo para axuda por IT, mentres lle corresponda indemnización por accidente de traballo.

En caso de baixa por IT durante o período de vacacións anuais, o traballador percibirá o importe que aboe a Seguridade Social por este concepto á empresa, exclusivamente durante os días abrangidos no período vacacional.

c) Conceptos salariais que computarán para o cálculo de axuda en IT:

Salario base, antigüidade, complemento de categoría, complemento variable, complemento de convenio, complemento quenda total e complemento de prolongación de xornada.

Artigo 18º.-Premios por anos de servicio.

Ó persoal que ó cumprir 20, 25, 30, 35 e 40 anos de servicio ininterrompidos á empresa a partir do 1 de xaneiro de 2000

concederáselle un premio que se aboará no mesmo mes que cumpra os anos de servicio e a súa contía será:

2000:

- a) Ós 20 anos de servicio: 80.761 pesetas.
- b) Ós 25 anos de servicio: 91.529 pesetas.
- c) Ós 30 anos de servicio: 107.681 pesetas.
- d) Ós 35 anos de servicio: 107.681 pesetas.
- e) Ós 40 anos de servicio: 107.681 pesetas.

Artigo 19º.-Axuda para gastos por falecemento.

En caso de falecemento dun traballador, independentemente da liquidación de haberes que legalmente corresponda ós seus habentes dereito, a empresa aboarálles a estes unha axuda para gastos de enterro de 80.761 pesetas para o ano 2000.

Considérase habentes dereito, para efectos de percibi-la axuda que se establece, as seguintes persoas e na seguinte orde: viúva, descendentes matrimoniais e extramatrimoniais, xa sexan naturais ou adoptivos, irmáns e ascendentes en primeiro grao.

Esta percepción substitúe ás que estivesen establecidas por este concepto por disposición legal.

Artigo 20º.-Roupa de traballo.

1. Os traballadores das seccións onde exista humidade e temperaturas extremas proporcionaráselles calzado e roupa adecuada ás súas condicións de traballo, nas diferentes estacións climatolóxicas do ano.

2. Os demais traballadores fixos serán provistos de dúas fundas ó ano. Os traballadores con contrato temporal serán provistos do equipo adecuado para as funcións que realice, en función do tempo de alta na empresa.

3. A empresa facilitará dous uniformes, un de inverno e outro de verán, cada dous anos, ó persoal de comercialización e mecánicos de grupos.

Artigo 21º.-Servicio militar.

Durante a permanencia no servicio militar percibiranse as pagas extraordinarias regulamentarias establecidas polo presente convenio.

Capítulo IV

Acción sindical

Artigo 22º.-Delegados de persoal.

En todo o referente a funcións, garantías, etc. dos delegados de persoal, observarase o disposto pola lexislación vixente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todos aqueles aspectos non determinados concretamente no presente convenio, que se aplicará nos seus propios termos aplicarase o disposto nas normas legais de carácter xeral e na ordenanza laboral da industria cervexeira, que se manterá na súa plena vixencia, en todas aquelas materia que non se opoñan ó estipulado no convenio, ou non fosen derrogadas por el.

Segunda.-En cumprimento do pactado no punto 5 da acta de preacordo sobre negociación colectiva e emprego no Grupo Cruzcampo, S.A., asinado con data do 16 de marzo de 1999 en Madrid e ratificado pola representación legal dos traballadores do ámbito deste convenio colectivo, e conforme co expresado na acta de compromiso de constitución do comité intercentros do 22 de xullo de 1998, ámbalas partes acordan constituí-lo comité intercentros do Grupo Cruzcampo, S.A., ó que se adhira a representación social, coas funcións e competencias que se determinan no regulamente que se xunta como anexo.

Terceira.-Conforme o expresado na acta de preacordo asinada en Madrid o 16 de marzo de 1999, referente a negociación colectiva e emprego, unha vez ratificado polos comités de empresa e delegados de persoal de Grupo Cruzcampo, S.A. e elevado a acordo definitivo, inclúese neste convenio colectivo integramente como anexo, para os efectos de incorporación, aceptándoo na súa integridade.

Cuarta.-Conforme o expresado na acta do acordo asinado en Sevilla o 28 de xullo de 2000, referente ó acordo colectivo do ano 2000 para Grupo Cruzcampo, S.A., inclúese neste convenio colectivo integramente como anexo, para os efectos de incorporación, aceptándoo na súa integridade.

ANEXO I

Convenio 2000

Esc.	Categoría	Ptas mes /día salario base	Ptas día prima rendimiento	Ptas mes/día complemento categorías	Hora extra normal	Hora extra festivo
2,5	T.G.S.	212.811	1.223	45.514	4.010	5.156
2,2	T.G.M.	187.793	1.077	43.864	3.621	4.655
1,9	Xefe 1ª	162.774	930	42.214	3.231	4.155
1,7	Xefe 2ª	141.921	818	35.944	2.907	3.738
1,5	Oficial 1ª, A-T-C	129.428	818	27.695	2.713	3.488
1,3	Oficial 2ª, A-T-C	112.738	706	26.594	2.453	3.154
1,1	Auxiliar, A-T-C	96.050	655	25.494	2.194	2.820
1,7	Insp. com. 1ª	141.921	810	28.518	2.907	3.738
1,4	Insp. com. 2ª	121.067	689	27.143	2.583	3.321
1,3	Sub. xefe eq.	112.738	706	33.030	2.453	3.154
1,2	Subalterno 1ª	104.409	672	26.045	2.324	2.987
1,1	Subalterno 2ª	96.050	655	25.494	2.194	2.820
1,5	Oficial 1ª x. eq.	4.270	741	1.126	2.713	3.488
1,2	Oficial 2ª	3.444	586	859	2.324	2.987
1,1	Axudante	3.169	543	841	2.194	2.820
1,1	Auxiliar 1ª	3.031	517	832	2.129	2.737
1,0	Auxiliar 2ª	2.894	491	823	2.064	2.654

ANEXO II

Convenio 2000

Complemento variable

Categoría	Antigüidade												
	0	5	10	15	20	25	30	35	40	45	50	55	60
T.G.S.	49.357	51.072	52.783	54.500	56.215	57.906	59.588	61.258	62.954	64.540	66.361	68.077	69.794
T.G.M.	44.124	45.626	47.121	48.630	50.122	51.604	53.069	54.536	56.019	57.503	58.995	60.500	61.998
Xefe 1ª	39.277	40.571	41.872	43.163	44.459	45.734	47.006	48.271	49.554	50.832	52.124	53.692	54.719
Xefe 2ª	33.728	34.852	35.979	37.102	38.223	39.335	40.435	41.536	42.647	43.755	44.881	46.005	47.134
Oficial 1ª, A-T-C	30.478	31.501	32.521	33.538	34.564	35.574	36.569	37.572	38.576	39.588	40.614	41.634	42.650
Oficial 2ª, A-T-C	27.075	27.955	28.844	29.732	30.614	31.493	32.354	33.221	34.095	34.972	35.857	36.736	37.628

Auxiliar, A-T-C	24.847	25.371	25.896	26.644	27.391	28.134	28.861	29.594	30.338	31.068	31.827	32.573	33.321
Insp. cial. 1ª	33.033	34.154	35.282	36.403	37.532	38.635	39.738	40.834	41.952	43.063	44.182	45.308	46.432
Insp. cial. 2ª	28.810	29.755	30.718	31.667	32.632	33.566	34.498	35.426	36.374	37.314	38.267	39.226	40.176
Sub. xefe eq.	24.789	25.721	26.640	27.564	28.487	29.401	30.300	31.210	32.116	33.027	33.950	34.875	35.799
Subalterno 1ª	22.331	23.205	24.082	24.954	25.823	26.693	27.546	28.401	29.074	30.132	31.001	31.882	32.759
Subalterno 2ª	20.910	21.692	22.476	23.259	24.041	24.815	25.585	26.371	27.127	27.900	28.688	29.467	30.253
Oficial 1ª x. eq.	926	962	998	1.034	1.071	1.107	1.142	1.178	1.213	1.249	1.286	1.329	1.358
Oficial 1ª	798	830	861	893	924	956	987	1.018	1.049	1.080	1.112	1.143	1.175
Oficial 2ª	740	769	798	827	856	885	913	942	970	999	1.028	1.057	1.086
Axudante	693	719	745	771	797	823	854	874	900	926	952	978	1.004
Auxiliar 1ª	665	690	715	739	764	788	813	837	861	886	910	935	960
Auxiliar 2ª	660	677	694	718	741	764	787	810	833	856	879	902	926